

***ROTEIRO SOBRE ALGÚNS CRUCEIROS E CRUCES DO  
MUNICIPIO DE MURAS (LUGO).***

**AUTORES:**

**FERNANDO ARRIBAS ARIAS**

**JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO**

**MARIO SAAVEDRA PÉREZ**

## **Dedicatoria.**

*Á lembranza do autor e académico galego Darío Xohán Cabana.*

### **I. LIMIAR**

Os autores deste traballo explícan moito ben por que o concello de Muras pertence e non pertence á Terra Chá. O que non din eles – pero quero dicir eu- é que a inclusión oficial de Muras na Terra Chá, tan pouco evidente dente do punto de vista da xeografía física, tivo polo menos un efecto beneficioso para o concello, que foi o de ser, por obra e graza do etéreo Plan de Comarcalización de Galicia, incluído no Proxecto Carboeira no que tanto tempo, tanta ilusión e tantos zapatos leva gastado o meu amigo Fernando Arribas.

Cando naceu o proxecto, aló polo 1993, difícilmente podían adiviñar o meu amigo e o seu colega José Manuel Blanco que algúns anos despois terían que ampliar o seu propósito de inventario e estudo dos cruceiros da Terra Chá a estas terras ásperas das serras da Carba e do Xistral aque, viradas de costas contra o Miño, verten as súas moitas augas cara ó Eume, o Sor, e o Landro.

Mais non lles houbo parecer mal a alarga das súas angueiras, pois este antemural da Terra Chá que lle podemos chamar ó concello de Muras é terra fermosísima, coa grandeza senlleira dos seus montes e a dozura brava dos seus vales, cos seus fríos pasteiros onde pacen as vacas ceibas, coas súas aldeas grises e severas, coa súa linda capital onde a torre das campás está lonxe da igrexa, irmandada co Burgo da outra banda do Eume, bela ponte por medio...

Despois de todo, tampouco non son xa terra chá propia Vilapedre ou San Simón da Costa, concello de Vilalba, por onde é cousa boa para un chairego entrar a pé no concello de Muras, ou por mellor dicir na parroquia de Balsa, pola Ponte Vermuz, sobre o Eume que aínda anda en cueiros. Xa case non hai xente por alí. A cruz que antes estaba no adro, agora subiu para o cumial da estraña igrexa, que aínda se conserva algo románica e ten unha imaxe de Santa Bárbara metida nunha furna do frontal.

O Viveiró! Toxo brañego, uz e queirogas para chegar a un dos lugares a onde ía meu avó facer os seus tratos de bestilleiro: son para min as memorias dos contos na cocina en altas noites de inverno da hai xa medio século. El -meu avó, o Salustiano de Mercador- aínda

vería no campo da feira o cruceiro que agora está no adro da igrexa. Encrucillada de camiños, terra de saudade.

Pero Silán é sitio aínda máis estraño, lugar máxico en terras do alto Landro. O mellor dos cruceiros deste libro debe ser -digo eu- o cruceiro da igrexa de Silán, coa súa simbólica caveira baixo dos pés do Cristo. Cruceiro, igrexa, reitoral e cemiterio forman un áspearo conxunto gris, dunha beleza cruel. O cemiterio, cos seus panteóns de cantería, algúns con soberbias esculturas, é seguramente un dos máis impresionantes de Galicia.

Confeso que lle teño envexa a Fernando Arribas e mais ós seus colegas. Eles percorreron longamente as vereas e corredoiras da Terra Chá e das súas alargas, e con infinita paciencia e atención foron construíndo este tesouro, este arquivo enorme que é o Catálogo de cruceiros da Terra Chá, obra de grande utilidade para o coñecemento e a protección – ogallá! – do noso patrimonio material. Mais non é propiamente a obra admirable o que lles envexo, senón máis ben o longo proceso de facela, de descubri-la, de inventari-la: o andar e ver as nosas terras chás procurando os cruceiros do Alto Miño, e aínda por riba traspasar a Serra da Carba, botarse a camiñar aquelas terras montesías divididas polo Curiscado, o Montouto e o Bustelo entre as cabeceiras de tres ríos, abrir debidamente os ollos e censar con toda exactitude os cento dezasete pequenos monumentos que sinalan os adros, os encontros e as encrucilladas de Muros, do Burgo, de Irixoa, da Balsa, do Viveiró, de Silán, de Sisto e de Ambosores. Cantas fermosas tardes de ouro, e que bo resultado!.


A Fernando Arribas, a Jose Manuel Blanco e a Mario Saavedra – último incorporado ó equipo- debémolles o coñecemento sistematizado e exhaustivo dos cruceiros da Terra Chá, e agora tamén de Muras, longo labor de amor que os fai acreedores á gratitude de todos os que amamos a nosa terra material e a cultura do noso pobo. Con traballos así – lentos, pacientes, humildes, teimosos, namorados- algúns bos e xenerosos van construíndo muros contra o esquecemento e a destrución.

Darío Xohán Cabana

As Chousas de Romeán, xuño do 2009.

## II. ALGÚNS TRAZOS HISTÓRICOS E XEOGRÁFICOS DO MUNICIPIO DE MURAS.

### LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA DO CONCELLO DE MURAS



O municipio de Muras está situado na zona noroccidental da provincia de Lugo. Dende mediados dos anos noventa<sup>1</sup> forma parte da comarca da Terra Chá. Delimita cos seguintes municipios: Oourol, ao Norte; Xermade e Vilalba ao Sur; Abadín e o Valadouro ao Leste, e o municipio coruñés das Pontes de García Rodríguez ao W. Dista de Lugo, capital provincial, uns 62 km.

A nivel demográfico, a poboación no século pasado tivo unha estabilidade ata comezos dos anos corenta, que foi o intre no que acadou o máximo de poboación (**3378** habitantes). A partir desta data comezou unha constante emigración, primeiro a Sudamérica e, logo, aos países de Europa Occidental, que ía repercutir dunha maneira relevante na poboación adulta máis nova. Isto vai ocasionar unha caída da natalidade e, tamén, un continuo avellentamento da poboación. Esta na actualidade segue nun continuo descenso. Así, no ano 2021<sup>2</sup>, o municipio posuía unha poboación de **611** habitantes -301 mulleres e 310 homes- repartidos en oito parroquias <sup>3</sup>, que ocupan unha superficie de 163,82 km<sup>2</sup>.

Dende unha óptica topográfica podemos sinalar tres zonas coas súas peculiaridades. O curso alto do río Eume, que se caracteriza polas súas pendentes moderadas. A Serra do Xistral, que se estende polo Leste do municipio e forma límite cos de Abadín e o Valadouro; posúe altitudes, que chegan aos mil metros. Finalmente, a Serra da Carba, que polo Sur establece límites co municipio de Vilalba. Estas serras ademais de amosar un relevo moi complexo forman divisoria entre as concas do Eume e o Miño; e os ríos da vertente cantábrica, como o Landro e o Sor. Tanto o Landro como o Eume nacen na Serra do Xistral; pola contra, o Sor constitúe o límite occidental co municipio de As Pontes.

Con respecto á produtividade do municipio é de vital importancia o sector agropecuario orientado á produción do gando bovino. No obstante, a industria alcanza certa importancia debido a unha serie de empresas como Plásticos Ferro S.L; Hypor España GP SA; Técnica de Envases Pequenos TEP SA; ER<sup>2</sup> envasado con retorno y reutilización SA. Tamén, é mester salientar a relevante aportación deste municipio nas enerxías renovables e máis concretamente na produción de enerxía eólica, grazas as inversión de Iberdrola, Acciona, Ecyr y Norvento.

---

<sup>1</sup> A nova división comarcal de Galicia foi establecida no Decreto 65/1997 de 20 de Febreiro

<sup>2</sup> Segundo o I.N.E. (Instituto Nacional de Estadística)

<sup>3</sup> Ambosores, Sta. María; Balsa, Sta. María, Burgo, Sta. María; Irixoa, San Xián; Muras, San Pedro; Silán, San Estebo; Sixto, Sta. María; e Viveiró, Sta. María.

A nivel histórico, os achádegos encontrados neste municipio remítenos a poboamentos paleolíticos<sup>4</sup>, megalíticos<sup>5</sup> e castrexos<sup>6</sup>. No obstante, os documentos escritos máis antigos pertencen ao século XII, data na que se fai alusión a “Casa Forte de Muras”, hoxe “Fraga do Castelo”, que segundo Manuel Murguía pertencía aos Condes de Lemos<sup>7</sup>. Na etapa do Antigo Réxime houbo unha xurisdicción nestas terras, que estaba administrada polo bispo de Mondoñedo. Os seus límites eran moi coincidentes cos do actual municipio, agás o Coto de Silán, onde os señores Bermúdez de Castro eran os donos da “Casa de Silán”, señorial e antigo pazo que tiña un importante prestixio en toda a bisbarra. Xa no século XIX, fundouse o concello de Muras no ano 1835, incluído ata o ano 1965 no partido xudicial de Viveiro e, logo, nos de Mondoñedo e Vilalba, figurando na actualidade neste último<sup>8</sup>. Polo demais, neste municipio debemos salientar tres datos de interese: a “feira do poldro e gando do monte”, que se celebra dende hai uns trinta anos o cuarto fin de semana de setembro no Monte de A Gañidoira; “a romaxe artesá da Chaira”, que ten lugar no mes de Maio; finalmente “a feira de mel de Montaña”, que se leva a cabo a terceira semana de Novembro no Viveiró.

---

<sup>4</sup> Abrigo de Vidal, Chan de Cruz, Xistral.

<sup>5</sup> Medoñas de As Louseiras e o Burgo.

<sup>6</sup> Castros Picheira, Paredes, Castro de Xalgaiz, Castro del Coto.


<sup>7</sup> VÁZQUEZ CERNADAS, María del Carmen.: “Muras”, *en Galicia, pueblo a pueblo*, Santiago de Compostela: La Voz de Galicia. Xunta de Galicia. 1993, páx. 830.

<sup>8</sup>EQUIPO “IR INDO”. GUZMÁN LÓPEZ, Cristina; IGLESIAS PÉREZ, Montserrat; MIRAMONTES CARBALLADA, Angel; e outros.: *Galicia en Comarcas. Terra Chá e Meira*, Vigo: Ed. IR INDO, 2005, páx. 123.

### III. CRUCEIROS, CRISTOS E CRUCES DO MUNICIPIO DE MURAS.

#### CONCELLO DE MURAS

#### CRUCEIROS, CRISTOS E CRUCES



#### SIMBOLOXÍA

- + CRUCEIROS
- ▽ CRISTOS
- CRUCES

#### LOCALIZACIÓN NUMÉRICA DAS PARROQUIAS

- 1 AMBOSORES
- 2 SILÁN
- 3 O VIVEIRO
- 4 MURAS
- 5 O BURGO
- 6 IRIXOA
- 7 A BALSA

Por imperativo do Plan de Comarcalización de Galicia<sup>9</sup> puxémonos a inventariar e catalogar os cruceiros, cristos e cruces de Muras, encontrando 117 manifestacións artísticas.

Con respecto aos cruceiros, vinte son os cruceiros existentes, dos que o máis antigo de data coñecida é o de Samil, do ano 1882. Da mesma centuria é o situado diante da igrexa de Muras (1892) e, probablemente, o do Parque; o do Carballal; e o de Vilar, se ben este último é de comezos do século XX. No obstante, estes xunto co do adro da igrexa do Viveiró, e o da capela do San Antón da Xestosa, constitúen os exemplos máis salientables.

Máis numerosas son as cruces, das que localizamos un total de 94. Hainas altas e baixas, de granito; xisto; madeira; e mesmo metálicas. Delas cómpre sinalar especialmente tres do século XVIII: a de Vilariño, de 1787; a do Cristo, de 1797; e a de Astante, de 1798. Tamén, é mester salientar a do Rego do Aro (Burgo), cruz de grandes dimensión colocada por Salvador Gómez no ano de 1802.

En canto aos cristo, cómpre manifestar que Muras conta con tres exemplos, se ben dalgún só se conserva a base. O máis relevante é o do Burgo, a pesar de que a efíxie do Redentor está moi deteriorada.

**\* DISTRIBUCIÓN DOS CRUCEIROS, CRISTOS E CRUCES POR PARROQUIAS.**

<b>PARROQUIAS</b>	<b>CRUCEIROS</b>	<b>CRISTOS</b>	<b>CRUCES</b>
AMBOSORES			<i>2</i>
A BALSA	<i>1</i>	<i>1</i>	<i>9</i>
O BURGO	<i>1</i>	<i>1</i>	<i>16</i>
IRIXOA	<i>3</i>	<i>1</i>	<i>8</i>
MURAS	<i>11</i>		<i>37</i>
SILÁN	<i>1</i>		<i>9</i>
O VIVEIRÓ	<i>4</i>		<i>12</i>

<sup>9</sup> A nova división comarcal de Galicia foi establecida no Decreto 65/1997 de 20 de Febreiro.



#### **IV. ROTEIRO SOBRE ALGÚNS CRUCEIROS E CRUCES DO MUNICIPIO DE MURAS.**

De novo a Asociación de Amigos dos Cruceiros, Cruces de Pedra e Petos de Ánimas, planificou un novo roteiro de Cruceiros coa finalidade de dar unha percepción obxectiva



a unha das expresión máis importantes do patrimonio etnográfico da bisbarra chairega. Esta vez o roteiro empregouse en dar a coñecer algúns cruceiros do municipio de Vilalba. Foi organizado inicialmente, como o de Xermade, polo etnógrafo Mario Saavedra Pérez, e dirixido logo polos membros do equipo de investigación “Carboeira”, integrado polos etnógrafos Fernando Arribas Arias, José Manuel Blanco Prado e o xa nomeado Mario Saavedra Pérez.

**FOTO 1. CRISTO DO BURGO**

Pois ben, o Sábado 3 de Decembro do ano 2016 uns vinte e cinco asistentes visitaron, acompañados polos devanditos instructores, algunhas manifestacións da arte relixiosa popular, reflectida dun modo esencial nos cruceiros e cruces Neste roteiro colaboraron a Área de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo e o Concello de Vilalba. No desenvolvemento do roteiro, que foi realizado nun autocar e, tamén, a pé nalgúns tramos, os guías explicaron algunhas peculiaridades dos seguintes cruceiros e cruces.

##### **1. CRISTO DO BURGO.**

**PARROQUIA. O BURGO      LUGAR. A RÚA.**

COORDENADAS U.T.M.    X: 602.897      Y: 4.813.392.

Esta manifestación popular, de propiedade privada <sup>10</sup>, está situada diante dunha casa e preto da igrexa parroquial. A nivel artístico, consta dunha serie de corpos que nunha orde ascendente están dispostos da seguinte maneira:

Un plinto cuadrangular, de cachotería, levantado sobre un penedo. Este serve de sostén a unha base monolítica, granítica, de forma paralelepípeda mais algo irregular, sobre a que se ergue unha cruz latina, monolítica, granítica e de considerables dimensión; amosa unha sección cuadrangular nos extremos e oitavada no resto. O anverso amosa, baixo unha cartela, un relevo de Cristo moi erosionado, no que aínda se reflicten os seguintes trazos: a súa cabeza ao fronte; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz; as mans aparecen abertas; e o seu pé dereito sitúase por riba do esquerdo.

## **2. CRUCEIRO DE SAMIL.**

***PARROQUIA. IRIXOA LUGAR.  
A IGREXA (LUGAR DOS  
CRUCEIROS)***

COORDENADAS U.T.M. X:  
606.918 Y: 4.812.970.

Esta expresión artística, de propiedade dubidosa<sup>11</sup> está emprazada na pista que leva á igrexa parroquial. Posúe unha orientación Leste- W. Dende unha perspectiva artística está formada por unha serie de partes claramente diferenciadas e colocadas nunha orde ascendente do seguinte xeito:



***FOTO 2. CRUCEIRO DE SAMIL***

Unha base monolítica, composta de dous tramos: o inferior, de forma paralelepípeda; e o superior, de forma troncopiramidal coas arestas superiores redondeadas; ambos os dous

<sup>10</sup> Pertence a “Casa de Vicente Fernández Fernández”.

<sup>11</sup> Hai quen afirma que pertence a “Casa de Pedro Requeijo” de Samil.

tramos están separados por unha pequena escocia. Na súa cara Sur pode lerse a seguinte inscrición:

**“ AÑO D 1882 SE / HIZO ESTA OBRA PR / DEBOCION D DON / FRANCISCO PERNAS”/.**

Na cara W., únicamente pode lerse: “ **CREDO**”.

A base serve de soporte a un fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e oitavado no resto. A súa cara Leste está ornamentada co relevo dos símbolos da paixón na seguinte orde descendente: tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de oito banzos. O extremo superior das súas caras, agás a Leste, mostra un rebaixe cuadrangular no que está inscrito o relevo dun rombo cun roel no centro e dous flanqueando os vértices superior e inferior.

Dende o ano 2005, faltanlle o capitel e a cruz. Os seus restos encontranse na “Casa do Concello de Muras”.

### **3. CRUCEIRO DA IGREXA.**

**PARROQUIA. MURAS      LUGAR. MURAS**

COORDENADAS U.T.M.    X: 603.369      Y: 4.813.788.

Esta expresión artística, de carácter público, está colocada á beira dunha pista e diante da igrexa parroquial. Presenta unha orientación Sw-Ne. Dende unha perspectiva artística está composta dunha serie de partes claramente diferenciadas e dispostas nunha orde ascendente do seguinte xeito:

Unha plataforma formada por dous chanzos superpostos, de cachotería, que amosan unha forma paralelepípeda, e ademais están revestidos de cemento. Esta serve de apoio a unha base monolítica, granítica, de dous tramos: un pequeno tramo inferior, de forma paralelepípeda; e un tramo superior de forma troncopiramidal; na cara Nw. Pode lerse a seguinte inscrición: “ **AÑO 1892**”. A base alóngase nun fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e oitavada no resto; a cara Sw. está ornada co relevo dos símbolos da paixón na seguinte disposición descendente: tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de sete banzos; o extremo superior das caras, agás na situada no lado Ne., hai un rebaixe circular no que está inscrita unha roseta de seis



pétalos; na gravado un serve de de forma invertida, volutas nos das arestas e coas ás nas O cume do nunha cruz cuadrangular coas arestas resto; tipo de cruz extremos dos cabeceira. O



cara Ne. está corazón. O fuste apoio a un capitel, troncopiramidal ornamentado con vértices superiores cabezas de anxos caras.

cruceiro remata latina, de sección nos extremos mais achafranadas no ademaís, amosa un florenzada nos brazos e da anverso da cruz

**FOTO 3. CRUCEIRO DA IGREXA**

amosa, baixo unha cartela, unha efixie cristolóxica cos seguintes trazos: coroa de espiñas na cabeza, que está inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz mais separados dela ao igual que a cabeza, o lombo, e as pernas; as mans aparecen abertas; o perizoma está anoado ao lado dereito; e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ambos os dous sobre unha caveira. A imaxe de Cristo está franqueada por dúas pequenas imaxes. A da dereita, representa a unha advocación mariana, vestida cunha túnica e manto e que mostra as súas mans cruzadas sobre o ventre; ademaís, tamén amosa o relevo dun corazón cunha cruz no peito. A da esquerda, simboliza a un santiño, que vai vestido cun capa e unha túnica e leva un libro nas súas mans.

#### **4. CRUCEIRO DO CARBALLAL.**

**PARROQUIA. MURAS            LUGAR. O CARBALLAL.**

COORDENADAS U.T.M.    X: 603.324.    Y: 4.812.975.

Esta mostra de devoción popular, de dominio público, está colocada nunha intersección de estradas. Posúe unha orientación Sur-Norte. Dende unha óptica artística consta dunha serie de partes claramente diferenciadas, que están dispostas nunha orde ascendente do seguinte xeito:

Un plinto cuadrangular que vale como apoio a unha base monolítica e granítica, na que podemos distinguir dous tramos: un pequeno tramo inferior, de forma paralelepípeda; e un tramo superior, de forma troncopiramidal; na cara Sur lese a seguinte inscrición. “*EL YLLMO SR O / BIPO D MONDO / ÑEDO CONCEDIO / - DIAS D YNDULGEN / CIAS - ORACI / ON*—“%. Sobre a base prolóngase un fuste monolítico e granítico, de sección

cuadrangular no oitavado no cara Sur., esta co relevo dos da paixón na disposición tres cravos, un unhas tenaces, unha escaleira banzos; o superior das amosa un cuadrangular no trazadas dúas relevo e un roel triángulos fuste úsase dun capitel, de troncopiramidal



extremos e resto; a súa ornamentada instrumentos seguinte descendente: martelo, unha espada e de seis extremo súas caras rebaixe que hai diagonais en en cada un dos formados. O como soporte forma invertida,

**FOTO 4. CRUCEIRO DO CARBALLAL**

decorado con volutas nos vértices superiores das arestas e cabezas de anxos coas ás nas caras.

O cume do cruceiro remata nunha cruz latina, de sección cuadrangular nos seus extremos mais coas arestas oitavadas no resto; mostra tamén unha cruz de tipo florenzada nos extremos do brazo transversal e na cabeceira. O anverso presenta, baixo unha cartela na que pode lerse “*INRI*”, unha imaxe cristolóxica coas seguintes peculiaridades: coroa de espiñas na cabeza, que está

inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz mais separados dela ao igual que a cabeza, o lombo, e as pernas; as mans aparecen abertas; as costelas moi resaltadas; o perizoma está anoado ao lado dereito; e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ambos os dous sobre unha caveira. A imaxe de Cristo está franqueada por dúas pequenas imaxes. A da dereita, representa a unha advocación mariana, vestida cunha túnica e manto e que mostra as súas mans cruzadas sobre o ventre; ademais, tamén amosa o relevo dun corazón cunha cruz no peito. A da esquerda, simboliza a un santiño (San Xoán?), que vai vestido cunha túnica e sostén nas súas mans un libro.

O cruceiro amosa un bo estado de conservación.

## **5. CRUCEIRO DO VILAR**

**PARROQUIA. MURAS LUGAR. O VILAR.**

COORDENADAS U.T.M. X: 603.234 Y: 4.813.307.

Esta manifestación relixiosa, de dominio público, está emprazada á beira da rúa José Ferro Rodeiro. Amosa unha orientación Nw-Se. A nivel artístico, está composta dunha serie de elementos claramente diferenciados e dispostos nunha orde ascendente da seguinte maneira:

Un plinto de formigón que se usa como sostén dunha base monolítica e granítica, que mostra dous tramos: o inferior, de forma paralelepípeda; e o superior, de forma troncopiramidal coas arestas superiores redondeadas; nas súas caras – agás a cara do lado Se- lense as seguintes inscricións:

**Cara Ne. “ EL YLLMO SR OB / ISPO DE MONDOÑ / EDO CONCEDIO 50 / DIAS D YNDULGENCIA PR / REZAR CUALQUIERA O /**

**Cara Nw. RACION APROBA / DA PR LA YGLESA / DELANTE ESTAS / EFIGIES**

**Cara Sw. DEVOCION DE / DN MANUEL / AÑO DE 1918/ ”**

Por riba da base érguese un fuste monolítico, granítico, de sección cuadrangular nos extremos e oitavada no resto como resultado do rebaixe das arestas; a cara Sw., esta decorada co relevo dos símbolos da paixón na seguinte disposición descendente: dous cravos, un cravo, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de nove banzos; o extremo superior das súas caras presenta un rebaixe cuadrangular no que está inscrito o relevo de dous rombos concéntricos con dous roeis flanqueando os vértices superior e



inferior, agás na cara Nw., na que aparece o relevo dunha cara; Sobre o fuste apóiase un capitel, de forma invertida, troncopiramidal adornado con volutas nos vértices superiores das arestas e cabezas de ancos coas ás nas caras.

O conxunto cruz latina, de cuadrangular oitavada no remata nunha sección nos extremos e oitavada no resto; ademais, mostra un tipo de cruz florenzada nos extremos dos brazos e da cabeceira con acusados resaltes pometeados. O anverso da cruz amosa, baixo unha



forma troncopiramidal adornado con vértices arestas e ancos coas ás nas caras. O conxunto cruz latina, de cuadrangular oitavada no remata nunha sección nos extremos e oitavada no resto; ademais, mostra un tipo de cruz florenzada nos extremos dos brazos e da cabeceira con acusados resaltes pometeados. O anverso da cruz amosa, baixo unha

**FOTO 5. CRUCEIRO DO VILAR**

cartela na que pode lerse “*INRI*” unha imaxe cristolóxica cos seguinte trazos: coroa de espiñas na cabeza, que está inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz mais separados dela ao igual que a cabeza, o lombo, e as pernas; as mans aparecen abertas; o perizoma está anoado ao lado dereito; e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ambos os dous sobre unha caveira

O cruceiro está en bo estado e aínda se conservan restos de policromía en ocre na parte superior do fuste.

## **6. CRUCEIRO DE LEGANITOS.**

**PARROQUIA. MURAS LUGAR. LEGANITOS**

COORDENADAS U.T.M. X: 607.051 Y: 4.817.815.

Esta expresión artística, de carácter privado<sup>12</sup>, está emprazada próximo á estrada LU-540, entre os Kms. 24 e 25. Posúe unha orientación W- Leste. Este cruceiro mandouno construír D<sup>a</sup>. Francisca Puentes Carballeira <sup>13</sup>. Dende unha perspectiva artística está formada por unha serie de partes claramente diferenciadas e colocadas nunha orde ascendente do seguinte xeito:

Unha plataforma formada por dous chanzos superpostos de cachotería, que serve de



soporte a unha base monolítica, granítica, de forma troncopiramidal. A base prolóngase nun fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e oitavado no resto como resultado do rebaxe das arestas; o extremo superior das caras, agás a situada ao Leste, amosan un rebaxe cuadrangular no que está inscrito o relevo dun rombo, que leva un roel no centro e dous flanqueando os vértices superior e inferior. Sobre o fuste apóiase un capitel de

**FOTO 6. CRUCEIRO DE LEGANITOS**

forma troncopiramidal invertida, decorado con volutas nos vértices superiores das arestas, cabezas de anxos coas ás nas caras, e unha ringleira de merlóns na súa parte inferior.

O conxunto remata nunha cruz latina, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas rebaxadas no resto; ademais, mostra un tipo de cruz florenzada nos extremos dos brazos e da cabeceira con acusados resaltes pometeados. O anverso da cruz amosa, baixo unha

<sup>12</sup> Segundo D. Manuel Carballés Rego é da súa propiedade.

<sup>13</sup> Tamén mandou construír os cruceiros da capela de San Antón; o que está situado preto desta capela; e o de Paraños.



cartela, unha imaxe cristolóxica coas seguintes características: coroa de espiñas na cabeza, que está inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz mais separados dela ao igual que a cabeza, o lombo, e as pernas; as mans aparecen abertas; o perizoma está anoado ao lado dereito; e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ambos os dous sobre unha caveira. O reverso mostra unha advocación mariana, vestida cunha túnica e manto e coas mans cruzadas sobre o ventre.

## **7. CRUCEIRO DO ALTO DA GAÑIDOIRA.**

***PARROQUIA. MURAS      LUGAR. PORTO DA GAÑIDOIRA.***

COORDENADAS U.T.M.    X: 606.572    Y: 4.816.602.

Esta manifestación popular, de dominio descoñecido, está situada na intersección da estrada C-640 (entre os kms. 26 e 27) cunha pista. Posúe unha orientación W-Leste. O seu conxunto amosa unha serie de elementos artísticos que, nunha orde ascendente, están colocados da seguinte maneira:

Unha plataforma formada por un chanzo de cachotería, que mostra unha forma paralelepípeda. Esta serve de sostén a unha base monolítica, granítica, e de forma tgroncopiramidal coas arestas



***FOTO 7. CRUCEIRO DO ALTO DA GAÑIDOIRA***

superiores redondeadas. Sobre a base érguese un fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e oitavado no resto; a súa cara W., está decorada co relevo

dos símbolos da paixón na seguinte disposición descendente: tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de sete banzos; o extremo superior das catro caras presentan un rebaixe cuadrangular no que está inscrito o relevo de dous rombos concéntricos con dous roeis flanqueando os vértices superior e inferior. Sobre o fuste apoiase un capitel monolítico, de forma troncopiramidal invertida, que está ornamentado con volutas nos vértices superiores das arestas e cabezas de anxos coas ás nas caras. Dende hai varios faltalle a cruz.

## **8. CRUCEIRO DO COTO.**

*PARROQUIA. MURAS      LUGAR. O COTO.*

COORDENADAS U.T.M.    X: 607.483      Y: 4.816.442.

Esta manifestación popular está colocada nunha encrucillada de pistas. Presenta unha orientación Sw-Ne. Este cruceiro mandouno construír D<sup>a</sup>. Francisca Puentes Carballeira, que tamén interviú nos cruceiros da capela de San Antón; no que está situado preto desta capela; e no de Paraños. Actualmente, pertence aos seus herdeiros. No seu conxunto cómpre facer alusión ás seguintes partes nunha orde ascendente:

Una plataforma granítica, fomada por dous chanzos superpostos: o inferior, granítico, e dunha forma paralelepípeda irregular polo deterioro que amosa; e o superior, de cachotería, e tendente a unha forma troncopiramidal. Esta, serve de soporte a unha base monolítica, granítica, composta de dous tramos: o inferior, de forma paralelepípeda; e o superior, troncopiramidal. A base prolóngase nun fuste monolítico, que amosa unha sección cuadrangular nos extremos e oitavada no resto; a súa cara SW., está decorada co relevo dos símbolos da paixón na seguinte disposición descendente: dous cravos, un cravo, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de sete banzos; o extremo superior das súas catro caras mostra un rebaixe cuadrangular no que está inscrito o relevo de dous rombos concéntricos con dous roeis flanqueando os vértices superior e inferior. Sobre o fuste apóiase un capitel de forma troncopiramidal invertida, que está ornamentada con volutas nos vértices superiores das arestas e cabezas de querubíns nas caras coas súas ás moi pronunciadas.

O conxunto remata nunha cruz latina, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas achafranadas no resto; mostra ademais un tipo de cruz florenzada nos extremos dos brazos e da cabeceira. O anverso da cruz amosa, baixo unha cartela, unha imaxe cristolóxica, acompañada hai anos por dous santiños: un, xa desaparecido; e, ao outro faltalle a cabeza. A efixie de Cristo mostra os seguintes trazos: unha coroa de espiñas na cabeza, inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz, formando unha lixeira

“V”, mais dela ao igual que lombo e as súas mans abertas; o está anoado ao dereito; e as lixeiramente flexionadas, pé dereito sobre e ambos os dous caveira. O mostra a imaxe advocación vestida cunha manto e coas cruzadas sobre o



separados a cabeza, o pernas; as aparecen perizoma lado pernas, amosan o o esquerdo sobre unha reverso dunha mariana, túnica e mans ventre.

**FOTO 8. CRUCEIRO DO COTO**

Con respecto a súa conservación, a plataforma e a base están deterioradas; o capitel, algo rachado; e as imaxes, que franqueaban ao Cristo, unha desapareceu; e a outra faltalle a cabeza.



## 9. CRUCEIRO DA CAPELA DE SAN ANTÓN.

*PARROQUIA. MURAS LUGAR. O COTO.*

COORDENADAS U.T.M. X: 607.909 Y: 4.816.554

Esta manifestación relixiosa está situada ao carón da ermida do San Antón. Hoxe pertence aos descendentes de Francisca Puentes Carballeira, que foi a dona que o mandou realizar. Posúe unha orientación Nw-Se. A nivel artístico, consta dunha serie de elementos claramente diferenciados e dispostos nunha orde ascendente da seguinte maneira:

Unha plataforma formada por dous chanzos superpostos: o inferior, de cachotería e de forma paralelepípeda; e o superior, granítico e, tamén, de forma paralelepípeda xa irregular polos desgastes. Esta serve de sostén a unha base monolítica,



**FOTO 9. CRUCEIRO DA CAPELA DE SAN ANTÓN**

granítica, composta de dous tramos: o inferior, de forma paralelepípeda; e o superior, de forma troncopiramidal. Sobre a base érguese un fuste monolítico, de sección cuadrangular nos seus extremos e oitavado no resto como resultado do rebaixe das arestas; a cara Nw., estivo ornamentada cos símbolos da paixón, do que só se conservan restos dunha espada e dunha escaleira de cinco banzos; o extremo superior das súas caras, agás a Se., presentan un rebaixe cuadrangular no que está inscrito o relevo dun rombo cun roel no centro e dous flanqueando os vértices superior e inferior. O fuste serve de soporte a un

capitel de forma troncopiramidal invertida, ornado con volutas nos vértices superiores das arestas, cabezas de anxos coas ás nas caras, e unha ringleira de merlóns na parte inferior.

O cruceiro remata nunha cruz latina, de sección cuadrangular nos extremos mais coas arestas oitavadas no resto, mostrando tamén un tipo de cruz florenzada nos extremos dos



brazos e da cabeceira. O anverso da cruz amosa baixo unha cartela unha efixie de Cristo coas seguintes peculiaridades: unha coroa de espiñas na cabeza, que está inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz mais separados dela ao igual que a cabeza, o lombo, e as pernas; as mans aparecen abertas; o perizoma está anoado ao lado dereito; e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ambos os dous sobre unha caveira; ademais, a efixie cristolóxica mostra ao seu carón dereito a imaxe dun santiño,

#### ***FOTO 10. CRUZ DA PALEIRA***

que ben puidera representar ao titular da capela (San Antón), vestido cun hábito e portando unha cruz. O reverso da cruz mostra unha advocación mariana da Virxe Dolorosa cunha cruz cravada no peito; está vestida cunha túnica e manto e mostra as súas mans cruzadas sobre o ventre

#### **10. CRUZ DA PALEIRA.**

***PARROQUIA. MURAS LUGAR. A PALEIRA.***

COORDENADAS U.T.M. X: 606.574. Y: 4.814.449.

Esta manifestación relixiosa, de dominio público, está situada nunha área recreativa á beira da C-640 ( km. 29), e próxima á intersección coa CP. 342. No se conxunto presenta



unha serie de elementos artísticos que, nunha orde ascendente, están colocados da seguinte maneira:

Un plinto cuadrangular, de cachotería, sobre o que se apoia unha base monolítica, granítica, de forma paralelepípeda mais coas arestas superiores rebaixadas; nunha das caras – a do lado Sur- lese a inscrición do ano na que foi construída: “1837”. Sobre a base erguese unha cruz latina, monolítica, de considerables dimensión, que amosa unha sección cuadrangular nos extremos e oitavada no resto; ademais, mostra tamén un tipo de cruz potenziada nos extremos dos brazos e da cabeceira. A cruz non presenta efixies.

## **11. CRUCEIRO DA IGREXA DE SILÁN.**

**PARROQUIA. SILÁN      LUGAR. A IGREXA.**

COORDENADAS U.T.M. X: 613.659    Y: 4.819.297.

Esta manifestación relixiosa, de dominio público, está situada carón do muro, que delimita o cemiterio parroquial. Aмосa unha orientación Sur-Norte. No se conxunto presenta unha serie de elementos artísticos que, nunha orde ascendente, están colocados da seguinte maneira:

Unha base monolítica, de forma paralelepípeda, parcialmente soterrada. Esta prolóngase nun fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas achafranadas no resto. O fuste serve de soporte a un capitel de forma cúbica, decorado con



**FOTO 11. CRUCEIRO DA IGREXA**

volutas nos vértices superiores das arestas e querubíns nas caras; ademais, mostra un ábaco decorado cunha roseta cuadrifolia en cada cara. O cruceiro remata nunha cruz latina, de sección extremos mais oitavadas no tamén un tipo de nos extremos dos cabeceira. O amosa baixo unha efixie de Cristo peculiaridades: espiñas na inclinada ao lado brazos están longo da cruz dela ao igual que lombo, e as



cuadrangular nos coas arestas resto, mostrando cruz florenzada brazos e da anverso da cruz cartela unha coas seguintes unha coroa de cabeza, que está dereito; os seus estendidos ao mais separados a cabeza, o pernas; as mans

**FOTO 12. CRUCEIRO DO CEMITERIO**

aparecen abertas; o perizoma está anoado ao lado dereito; e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ambos os dous sobre unha caveira e dúas tibias.

## **12. CRUCEIRO DO CEMITERIO**

**PARROQUIA. O VIVEIRÓ. LUGAR. A IGREXA**

COORDENADAS U.T.M. X: 611.090 Y: 4.816.328.

Esta expresión artística, de propiedade pública, está situada no adro da igrexa parroquial. Mostra unha orientación Nw-Se. No seu conxunto amosa unha serie de partes claramente diferenciadas que nunha orde ascendente están colocadas do seguinte xeito:

Unha plataforma granítica, composta por dous chanzos superpostos de forma paralelepípeda. Esta serve de soporte a unha base monolítica e granítica, composta por dous tramos: o inferior, de forma paralelepípeda; e o superior, de forma troncopiramidal



coas arestas superiores redondeadas; ambos os dous tramos están separados por unha pequena molduración.

Na cara Nw., lese a seguinte inscrición. “ *EL SR OBISPO DE / [ MONDOÑEDO] / CONCEDIO 40 DIAS DE IN / DULGENCIAS POR REZAR EL /*”

A base prolongase nun fuste monolítico, de sección cuadrangular nos seus extremos e oitavada no resto como resultado do rebaixe das arestas. O fuste serve de soporte a un capitel composto de tres tramos: o inferior, cunha pequena molduración cóncava a xeito de “caveto invertido”; o medio, de forma troncopiramidal, está decorado con volutas nos vértices superiores das arestas e cabezas de anxos con ás nas catro caras; e o superior, formado por un triple corpo de catro molduras cóncavas correspondentes a cada unha das caras; no medio da moldura cóncava superior hai un adorno dunha roseta cuadrifolio.

### 13. CRUZ DO CEMITERIO.

**PARROQUIA. O VIVEIRO. LUGAR. A IGREXA**

COORDENADAS U.T.M. X: 611.090  
Y: 4.816.328.

Esta manifestación relixiosa está situada no interior do cemiterio de O Viveiro. No seu conxunto cómpre facer alusión ás seguintes partes nunha orde ascendente:

Unha plataforma granítica, de forma paralelepípeda, que serve de soporte a unha base tamén granítica e paralelepípeda, que amosa nos flancos



**FOTO 13. CRUZ DO CEMITERIO**

da súa parte superior dúas molduras cóncavas; nunha das súas caras lese a seguinte inscrición: /“*ABRILL D / 1979*”/. A base prolongase nunha cruz latina, de sección cuadrangular, e con pequenos rebaixes nas arestas. Na intersección dos brazos lonxitudinal e



transversal, e na cara que da ao cemiterio lese a seguinte inscrición: “ *FRANCISCA / CARBALLAL*”.

#### **14. CRUZ DO REGO DAS MULLERES.**

***PARROQUIA. O VIVEIRO LUGAR. PORXESTAS.***

COORDENADAS U.T.M. X: 610.853 Y: 4.816.145.

Esta manifestación relixiosa, de dominio descoñecido, está colocada á beira dun camino cuberta de maeza. Dende unha óptica artística consta de dúas partes claramente diferenciadas e dispostas nunha orde ascendente do seguinte xeito:

Unha base monolítica, granítica, e de forma paralelepípeda, Sobre esta prolongase unha cruz latina, monolítica, de considerables dimensión, que amosa unha sección cuadrangular nos extremos e oitavada no



***FOTO 14. CRUZ DO REGO DAS MULLERES***

resto; ademais, mostra tamén un tipo de cruz potenziada nos extremos dos brazos e da cabeceira. A cruz non presenta efixies.

**V.TABOA SOBRE O ROTEIRO REALIZADO POLO EQUIPO CARBOEIRA**

<i>MONUMENTO</i>	<i>LUGAR</i>	<i>PARROQUIA</i>	<i>COORDENADAS U.T.M.</i>
<b>CRISTO DO BURGO</b>	A RÚA	O BURGO	X: 602.897 Y: 4.813.392.
<b>CRUCEIRO DE SAMIL</b>	A IGREXA	SAMIL	X: 606.918 Y: 4.812.970.
<b>CRUCEIRO DA IGREXA</b>	MURAS	MURAS	X: 603.369 Y: 4.813.788.
<b>CRUCEIRO DO CARBALLAL</b>	O CARBALLAL	MURAS	X: 603.324. Y: 4.812.975.
<b>CRUCEIRO DO VILAR</b>	O VILAR	MURAS	X: 603.234 Y: 4.813.307.
<b>CRUCEIRO DE LEGANITOS</b>	LEGANITOS	MURAS	X: 607.051 Y: 4.817.815.
<b>CRUCEIRO DA GAÑIDOIRA</b>	PORTO DA GAÑIDOIRA	MURAS	X: 606.572 Y: 4.816.602.
<b>CRUCEIRO DO COTO</b>	COTO	MURAS	X: 607.483 Y: 4.816.442.
<b>CRUCR° CAPEL<sup>a</sup> SAN ANTÓN</b>	COTO	MURAS	X: 607.909 Y: 4.816.554
<b>CRUZ DA PALEIRA</b>	PALEIRA	MURAS	X: 606.574. Y: 4.814.449.
<b>CRCR° IGREXA DE SILÁN</b>	A IGREXA	SILÁN	X: 613.659 Y: 4.819.297.
<b>CRCR° IGREXA O VIVEIRÓ</b>	A IGREXA	O VIVEIRÓ	X: 611.090 Y: 4.816.328.
<b>CRUZ DO CEMITERIO</b>	A IGREXA	O VIVEIRÓ	X: 611.090 Y: 4.816.328.
<b>CRUZ DO REGO DAS MULLERES</b>	PORXESTAS	O VIVEIRÓ	X : 610.853 Y: 4.816.145.

## VI. BIBLIOGRAFÍA.

ARRIBAS ARIAS, F., BLANCO PRADO, J. M e SAAVEDRA PÉREZ, M. . *Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros, Cristos e Cruces da Pastoriza*, Sada: Cadernos do Seminario de Sargadelos, nº 92, Edición do Castro, 2002.

ARRIBAS ARIAS, F., BLANCO PRADO, J. M e SAAVEDRA PÉREZ, M. . *Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros, cristos, cruces e esmoleiros de Abadín*, Sada: Cadernos do Seminario de Sargadelos, nº 96, Edición do Castro, 2007.

ARRIBAS ARIAS, F., BLANCO PRADO, J. M e SAAVEDRA PÉREZ, M. . *Cruceiros, cristos e cruces de Muras*. Vilalba: Instituto de Estudios Chairegos, 2009.

ARRIBAS ARIAS, F., BLANCO PRADO, J. M e SAAVEDRA PÉREZ, M. . *Cruceiros de Vilalba*. Vilalba: Instituto de Estudios Chairegos, 2011.

BURGOA FERNÁNDEZ, Juan J. “De Mondoñedo a Compostela. Cruceiros e construcións relixiosas da arte popular no Camiño do Norte”, en *Boletín do Museo Provincial de Lugo*. Tomo XIII. 2006/2007/2008 páxs. 87-105

GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio. *Os cruceiros*. Santiago: Cadernos Museo do Pobo Galego, 12, Fundación Caixa Galicia, 2003.

RODRÍGUEZ CASTELAO, A. *As cruces de pedra na Galiza*. Madrid: Akal, 1975 (Ed. Facsímile).

VALIÑA SAMPEDRO, Elías e outros: *Inventario artístico de Lugo y su provincia*. Madrid: Servicio de Publicaciones del MEC, 1976, 1986, Tomo I, II, IV. páx. 250.

**NOTAS SOBRE O TRABALLO.-** As fotos foron realizadas por *Fernando Arribas Arias*. O traballo foi corrixido polo profesor *Xosé M. Felpeto Enríquez*. Os mapas de localización foron feitos polo delineante *José Cancio Fernández*. E o traballo polos xa mencionados etnógrafos.